

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 11 DE XUÑO DE 2020

Ás 10:15 horas do día 11 de xuño de 2020, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 8 de xuño, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D^a. María Gómez Janeiro, xefa da Unidade de Patrimonio Histórico (asiste aos puntos 5 e 6)
D^a. Ruth María Gallego Santos, suplente de D. Óscar Couce Senra, xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario (asiste ao punto 2)
D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 11a e 11b)
D^a. María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Educación (asiste ao punto 11c)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento das obras de "Humanización da Estrada Provincial EP-2001 Calvario La Garrida, Tramo Igrexa de Beade A Garrida (PO 330), Lugar de Porto" (495-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 17:26	Páxina 1 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A341-CDB92F-EH455E-QKX8QX-CUHUPB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L.
2. G.O.C., S.A.
3. GALAICONTROL, S.L.
4. GRUSAMAR INGENIERÍA Y CONSULTING, S.L.U.
5. ICEACSA CONSULTORES, S.L.U.
6. NOEGA INGENIEROS, S.L.

b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:

1. PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L.: na documentación presentada consta o Anexo III do PCAP de posta a disposición de medios por un terceiro asinado por D. Raúl Tomé Fouciños de Valenzuela se ben o licitador indica no DEUC que non concorre á licitación con solvencia de terceiros.

Se o licitador concorre á licitación coa solvencia dun terceiro, debe presentar a seguinte documentación:

- Anexo III, debidamente asinado polo terceiro (o presentado non está asinado dixitalmente)
- DEUC do licitador onde se indique esta circunstancia na parte II, punto C, "*¿Se basa el operador económico en la capacidad de otras entidades para satisfacer los criterios de selección contemplados en la parte IV y los criterios y normas (en su caso) contemplados en la parte V, más abajo?*" respondendo afirmativamente (no DEUC presentado indícase que non)
- DEUC debidamente cumprimentado polo terceiro e asinado dixitalmente.

Se, pola contra, o licitador unicamente tena intención de subcontratar parte da execución contrato, só é necesario que se indique tal circunstancia no DEUC sen necesidade de presentar o anexo III.

2. INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L.: presenta un escrito asinado por D. Antonio Santiago Cubas Rodríguez no que indica que se adscribe á oferta de Ingenia para formar parte do equipo de traballo.
Esta documentación non se require no PCAP como contido do sobre A, polo que unicamente se lle advirte que se o licitador ten a intención de concorrer a esta licitación con solvencia de D. Antonio Santiago Cubas Rodríguez, debe presentar a documentación relacionada no punto anterior para o suposto de concorrencia con solvencia dun terceiro. En caso contrario, entenderase que non concorre con solvencia dun terceiro polo que de resultar clasificado en primeiro lugar non poderá acreditar a solvencia esixida a través de medios externos.

4.- Apertura da documentación técnica



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 17:26	Páxina 2 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A341-CDB92F-EH455E-QKX8QX-CUHUPB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento das obras de "Humanización da Estrada Provincial EP-2001 Calvario La Garrida, Tramo Igrexa de Beade A Garrida (PO 330), Lugar de Porto" (495-441)

Retírase da orde do día porque a Mesa de Contratación acordou no punto anterior conceder un prazo a dous dos licitadores para que poidan emendar a documentación persoal.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares para a posta en marcha e apertura da sala de lectura-biblioteca de Navia en Vigo (23.976-332)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación, lembra que en cumprimento do acordado na sesión do 5 de xuño de 2020, o mesmo día, concedeuse un prazo de tres días a SERVICIOS GALLEGOS DE MINUSVÁLIDOS, S.L. para que presentase o contrasinal que permita acceder á documentación presentada no sobre B "*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*". O citado licitador presentou, dentro do prazo concedido para o efecto, un escrito no que indica o contrasinal para poder acceder aos arquivos correspondentes tanto ao sobre B como ao C (proposición avaliable mediante fórmula).

Accédese acto seguido accédese ao contido do arquivo presentado no sobre B que foi aberto na citada sesión do 5 de xuño e a Mesa acorda, por unanimidade, solicitar informe ao servizo xestor en relación coas proposicións avaliables mediante xuízo de valor.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliables mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de divulgación dos equipamentos municipais dependentes de Patrimonio Histórico (xacementos arqueolóxicos do Castro e Toralla e edificación de Villa Solita) (9.568-307)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico o 8 de xuño de 2020 de valoración do sobre A "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de divulgación dos equipamentos municipais dependentes de Patrimonio Histórico



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 17:26	Páxina 3 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A341-CDB92F-EH455E-QKX8QX-CUHUPB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

(xacementos arqueolóxicos do Castro e Toralla e edificación de Villa Solita) (9.568-307)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo	Bolsa de horas	Realización de estudos de público usuario
1	PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.	78.860,00	50	si
2	VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L.	76.230,24	50	si

Os dous licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de actualización, soporte e mantemento do xestor de BBDD INFORMIX, do conector INFORMIX GATEWAY e da ferramenta de BACKUP SPECTRUM PROTECT (9.058-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de actualización, soporte e mantemento do xestor de BBDD INFORMIX, do conector INFORMIX GATEWAY e da ferramenta de BACKUP SPECTRUM PROTECT (9.058-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 9 de abril de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 17:26	Páxina 4 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A341-CDB92F-EH455E-QKX8QX-CUHUPB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



"PRIMEIRO.- Acordar a continuación da tramitación do presente procedemento administrativo de contratación de servizos núm. 9058 / 113 ao abeiro do establecido na Disposición adicional terceira do Rd 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Decreto 465/2020, ao ter por obxecto a contratación do mantemento das licencias de base de datos e backup corporativas Informix ,por resultar necesario para o funcionamento básico dos servizos públicos deste Concello, tal e como se motivou na parte expositiva do presente acordo.

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación do mantemento das licencias de base de datos e backup corporativas Informix:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 22/01/2020 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.
- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 03/03/2020 da concelleira Delegada de Xestión Municipal.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 07/03/2020 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica
- Memoria xustificativa do contrato de data 07/03/2020, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal
- Informe da técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 10/03/2020, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto , asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 10/03/2020.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto de 118.086,08 €, que inclúe un IVE de 20.494,28 € , dende o 1 de Abril de 2020 , o cal se imputará òs seguintes exercicios e partidas:

Exercicio	Partida	Importe
2020	9207.2279902	39,362.03 €
2021	9207.2279902	39,362.03 €
2022	9207.2279902	39,362.03 €

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 22 de maio de 2020 adoptou a seguinte resolución:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 17:26	Páxina 5 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A341-CDB92F-EH455E-QKX8QX-CUHUPB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de actualización, soporte e mantemento do xestor de BBDD INFORMIX, do conector INFORMIX GATEWAY e da ferramenta de BACKUP SPECTRUM PROTECT (9.058-113) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	INFORHOUSE, S.L.	86,96
2	ALDEXTRA BUSINESS & TECHNOLOGY, S.L.	76,67
3	DACARTEC SERVICIOS INFORMATICOS, S.L.U.	0,33

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, INFORHOUSE, S.L. (B-36.112.803), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, INFORHOUSE, S.L., o día 25 de maio de 2020, que presenta a documentación requirida os días 28 de maio e 4 de xuño, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 11 de xuño de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar INFORHOUSE, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 17:26	Páxina 6 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A341-CDB92F-EH455E-QKX8QX-CUHUPB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por INFORHOUSE, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis a través de fórmula de data 18 de maio de 2020.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a INFORHOUSE, S.L. (B-36.112.803) o procedemento aberto para a contratación dos servizos de actualización, soporte e mantemento do xestor de BBDD INFORMIX, do conector INFORMIX GATEWAY e da ferramenta de BACKUP SPECTRUM PROTECT (9.058-113) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 116.753,90 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 20.262,90 euros.*
- b) Propón 90 horas a maiores do mínimo esixido na cláusula 2.C.viii do PPT prestadas por técnicos certificados nos produtos, para a implantación das actualizacións e solucións dos incidentes con estas.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de mantemento do equipamento hardware e o seu software base para os equipos EMC² Centera para o Concello de Vigo (8.941-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 17:26	Páxina 7 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A341-CDB92F-EH455E-QKX8QX-CUHUPB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado aberto simplificado para a contratación do servizo de mantemento do equipamento hardware e o seu software base para os equipos EMC2 Centera para o Concello de Vigo (8.941-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 7 de maio de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

"PRIMEIRO.- Acordar a continuación da tramitación do presente procedemento administrativo de contratación de servizos núm. 8941/113, ao abeiro do establecido na Disposición adicional terceira do Rd 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Decreto 465/2020, ao ter por obxecto a contratación do servizo de mantemento sistema de arquivado Centera, por resultar necesario para o funcionamento básico dos servizos públicos deste Concello, tal e como se motivou na parte expositiva do presente acordo.

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación do servizo de mantemento do sistema de arquivado Centera :

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 11/03/2020 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.
- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 25/03/2020 da concelleira Delegada de Xestión Municipal.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 14/04/2020 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica
- Memoria xustificativa do contrato de data 14/04/2020, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal
- Informe da Técnica do Servizo de Contratación de data 14/04/2020 , sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto , asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 14/04/2020.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto de 33.000,00 €, que inclúe un IVE de 5.727,28 € , dende o 1 de Xuño de 2020 , o cal se imputará ós seguintes exercicios e partidas:

Exercicio	Partida	Importe
2020	9207.2279900	16,500.00 €
2021	9207.2279900	16,500.00 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 17:26	Páxina 8 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A341-CDB92F-EH455E-QKX8QX-CUHUPB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



TERCEIRO.- *Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista*”.

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 28 de maio de 2020, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de mantemento do equipamento hardware e o seu software base para os equipos EMC2 Centera para o Concello de Vigo (8.941-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U. (B-62.758.602), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- *Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.*
- *Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*
- *Acreditación da solvencia técnica esixida no apartado 5 das FEC. A solvencia económica xa foi presentada no expediente nº 9.101-113*
- *Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV”.*

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U., o día 28 de maio de 2020, que presenta a documentación requirida o 5 de xuño, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 11 de xuño de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 17:26	Páxina 9 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A341-CDB92F-EH455E-QKX8QX-CUHUPB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U., de conformidade co acordo da Mesa de Contratación de data 28 de maio de 2020 polo que se acorda outorgar a este licitador a máxima puntuación ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U. (B-62.758.602) o procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de mantemento do equipamento hardware e o seu software base para os equipos EMC2 Centera para o Concello de Vigo (8.941-113) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 32.421,95 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.626,95 euros.
- b) Propón 20 horas a maiores do mínimo esixido na cláusula 2.B.xii do PPT prestadas por técnicos certificados nos produtos, para a implantación das actualizacións e solucións das incidencias con estas.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

c) Procedemento aberto para a contratación de servizos para o mantemento integral das instalación de calefacción e auga quente sanitaria



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 17:26	Páxina 10 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A341-CDB92F-EH455E-QKX8QX-CUHUPB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

dos colexios públicos da Cidade de Vigo (23.692-332)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación de servizos para o mantemento integral das instalación de calefacción e auga quente sanitaria dos colexios públicos da Cidade de Vigo (23.692-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 20 de febreiro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria para a realización dun mantemento integral tanto preventivo como correctivo das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria nos colexios públicos de Vigo.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de data 20/01/20 redactado polo Xefe de Área de Servizos Xerais e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto data 28/01/20 redactado polo servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para a contratación do mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria dos colexios públicos da cidade de Vigo, por procedemento aberto.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 170.896,98 € (71.207,09 € na anualidade de 2020; 85.448,49 € na anualidade de 2021 e 14.241,40 € na anualidade de 2022, para a contratación do mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria dos colexios públicos da cidade de Vigo, por procedemento aberto, con cargo á partida 3230 2130000 - Mantemento caldeiras calefacción depósitos G. e bolsa de vinculación. O valor estimado do contrato estipulase en 211.855,77 €

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 22 de maio de 2020 adoptou a seguinte



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 17:26	Páxina 11 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A341-CDB92F-EH455E-QKX8QX-CUHUPB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de servizos para o mantemento integral das instalación de calefacción e auga quente sanitaria dos colexios públicos da Cidade de Vigo (23.692-332) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L.	100,00
2	COMSA SERVICE FACILITY MANAGEMENT, S.A.U.	98,09
3	VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U.	91,25
4	SACYR FACILITIES, S.A.	90,85
5	ELEC NOR, S.A.	89,30
6	INERPROMA MEDIOAMBIENTE, S.L.	81,97
7	ANGEL ROADE, S.L.	71,24
8	GALTECMA SOCIEDAD COOPERATIVA	69,68
9	CLECE, S.A.	66,18
10	ANCIN CLIMA, S.A.	58,26
11	MONCOBRA, S.A.	48,28

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L. (B-15.448.004), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- do PCAP.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L., o día 25 de maio de 2020, que presenta a documentación requirida o 8 de xuño, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 11 de xuño de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adjudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adjudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, de data 14 de maio de 2020.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adjudicar a IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L. (B-15.448.004) o procedemento aberto para a contratación de servizos para o mantemento integral das instalación de calefacción e auga quente sanitaria dos colexios públicos da Cidade de Vigo (23.692-332) coas seguintes condicións:

- O prezo total do contrato é de 130.365,40 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 22.625,40 euros.*
- Comprométese a incrementar o importe mínimo esixido na cláusula 3.3 do PPT (6.000€/ano sen IVE) destinado ao mantemento en 6.000,00 euros sen IVE.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:40 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 17:26	Páxina 13 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A341-CDB92F-EH455E-QKX8QX-CUHUPB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 17:26	Páxina 14 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A341-CDB92F-EH455E-QKX8QX-CUHUPB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		